lunes 12 de enero de 2015 BOP nº 6

ir a sumario BOPPO Traducción automática a Castellano

Versión oficial firmada electrónicamente

ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

PONTEVEDRA

Outros documentos, notificacións e informacións públicas

REGULAMENTO DE CREACIÓN DOS FICHEIROS DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL DO ORGANISMO AUTÓNOMO MUNICIPAL DE DEPORTES (IMD)

Expediente	Regulamento de creación dos ficheiros de datos de carácter persoal do organismo autónomo municipal Instituto Municipal de Deportes (IMD).
Trámite	Anuncio de aprobación definitiva do regulamento.

Aprobado inicialmente por acordo do Pleno deste Concello, na súa sesión do 17.11.2014, o Regulamento de creación dos ficheiros de datos de carácter persoal do organismo autónomo municipal Instituto Municipal de Deportes (IMD), e non téndose presentado alegacións no prazo conferido ao efecto (BOP nº 227, de 24.11.2014), enténdese elevado a definitivo o acordo de aprobación ata agora inicial, de conformidade co sinalado no art. 49 da Lei 7/1985, de 2 de abril.

Polo tanto, e segundo o art. 70.2 da referida Lei 7/1985, procédese á publicación do texto íntegro do regulamento definitivamente aprobada para a súa entrada en vigor, o que se producirá unha vez transcorrido o prazo previsto polo art. 65.2 da mesma lei:

"REGULAMENTO DE CREACIÓN DOS FICHEIROS DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL DO ORGANISMO AUTÓNOMO INSTITUTO MUNICIPAL DE DEPORTES DE PONTEVEDRA

PREÁMBULO:

A Constitución Española, no seu artigo 18.4º, dispón que a lei limitará o uso da informática para garantir a honra e a intimidade persoal e familiar dos cidadáns e o pleno exercicio dos seus dereitos.

A Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal (BOE nº 298, do 14 de decembro), regula o tratamento de datos de carácter persoal rexistrados en soportes físicos, así coma o uso posterior destes datos polos sectores público e privado. A finalidade desta regulación é protexer os dereitos fundamentais das persoas físicas e especialmente o seu honor e intimidade, tanto persoal coma familiar.

No seu artigo 20.1º dispón que a creación, modificación ou supresión dos ficheiros das administracións públicas só poderá facerse por medio dunha disposición xeral publicada no BOE ou no diario oficial correspondente.

En consecuencia, en virtude das facultades que confire o artigo 123.1.d da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora de bases de réxime local e o 41.2.D.b do Regulamento Orgánico do Pleno do Concello de Pontevedra en relación co artigo 8.b dos Estatutos do organismo autónomo, BOP núm. 113, de 12 de xuño de 1996, corresponde ao Pleno do Concello de Pontevedra a aprobación do texto desta ordenanza.

DISPOSICIÓNS XERAIS:

Artigo 1º.- OBXECTO.

Mediante o presente regulamento o Concello de Pontevedra crea os ficheiros de datos de carácter persoal, dependentes da Presidencia do Organismo Autónomo Instituto Municipal de Deportes de Pontevedra, coa denominación e características que se sinalan no anexo I.

Artigo 2º.- CONTIDO

Artigo 2º.- CONTIDO.

A información que, de conformidade co artigo 20.2 da Lei orgánica 15/1999, de 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, esixe para as disposicións de creación dos ficheiros está contida no anexo desta disposición.

Artigo 3º.- FINALIDADE E USO DOS FICHEIROS.

Os datos de carácter persoal e profesional rexistrados nos ficheiros e creados pola presente disposición só poderán ser utilizados para os fins expresamente previstos no anexo I e polo persoal debidamente autorizado.

Artigo 4º.- CESIÓN DE DATOS.

Os datos incluídos nos ficheiros sinalados só poderán se cedidos nos supostos e nas condicións expresamente previstos na normativa vixente.

Artigo 5º.- ÓRGANOS RESPONSABLES DOS FICHEIROS.

Será responsable dos ficheiros o órgano sinalado no anexo I ante o cal se exercerán os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición.

Artigo 6º.- MEDIDAS DE SEGURANZA.

Polo organismo autónomo Instituto Municipal de Deportes de Pontevedra adoptaranse as medidas de índole técnica e organizativa que sexan precisas para garantir a seguridade dos datos de carácter persoal, así como a confidencialidade, dereitos e obrigas especificados na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro e no seu Regulamento (Real Decreto 1720/2007, de 21 de decembro)

DISPOSICIÓN FINAL.- ENTRADA EN VIGOR.

Este regulamento entrará en vigor unha vez publicado o seu texto íntegro no Boletín Oficial da Provincia e transcorrido o prazo establecido no artigo 65.2 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora de bases de réxime local. Do seu texto darase comunicación á Agencia Española de Protección de Datos para a súa inscrición do Registro General de Protección de Datos, no prazo de 30 días dende a publicación da súa norma ou acordo de creación no diario oficial correspondente. A dita notificación realizarase conforme ao procedemento establecido na sección primeira do capítulo IV do título IX do RD 1720/2007, de 21 de decembro (artigos 130 e ss)

ANEXO I.- RELACIÓN DE FICHEIROS
FICHEIRO: REXISTRO DE ENTRADA E SAIDA DE DOCUMENTOS

a) Finalidade do ficheiro e usos previstos do mesmo:

Rexistro de entrada e saída de documentos.

b) Persoas ou colectivos sobre os que se pretende obter datos de carácter persoal ou que resulten obrigados a subministralos:

Persoas que presentan documentación no rexistro de entrada ou reciben documentos rexistrados de saída.

c) Procedemento de recollida de datos de carácter persoal:

Os datos recolleranse da documentación aportada polos interesados.

d) Estrutura básica o ficheiro e datos de carácter persoal incluídos no mesmo:

O ficheiro é unha base de datos na que se inclúen os seguintes datos: os asentos de entrada de documentos e os asentos de saída co seguinte contido:

Asentos de entrada:

— Número de orde correlativo.

— Data do documento, con expresión do día, mes e ano.

— Data de ingreso do documento nas oficinas de Rexistro.

— Procedencia do documento, con indicación da autoridade, Corporación ou persoa que o subscribe.

— Extracto, reseña ou breve referencia do asunto comprendido no corpo do escrito rexistrado.

— Negociado, sección ou dependencia a que corresponde o seu coñecemento.

— Resolución do asunto, data e autoridade que a ditou, e

— Observacións para calquera anotación que en caso determinado puidese convir.

Os asentos de saída referiranse a estes conceptos:

— Número de orde.

— Data do documento.

— Data de saída.

— Autoridade, negociado, sección ou dependencia de onde procede.

— Autoridade, Corporación ou particular a quen se dirixe.

— Extracto do seu contido.

— Referencia, no seu caso, ao asento de entrada, e

— Observacións.

e) Cesións de datos de carácter persoal e no seu caso transferencias de datos que se prevexan a países terceiros.

Non se prevén transferencias a terceiros países, nin cesións de datos.

f) Órganos das Administracións responsables do ficheiro.

Presidencia do Instituto Municipal de Deportes de Pontevedra.

g) Servizo ante o que poden exercitarse os dereitos de acceso, oposición, rectificación e cancelación:

— Presidencia do Instituto Municipal de Deportes de Pontevedra.

— C/ Juan Manuel Pintos, s/n

— 36005-Pontevedra

— Enderezo electrónico: imd@pontevedra.eu

— Tlfno: 986872013

h) Medidas de seguridade con indicación do nivel (alto, medio ou básico) esixible: básico.

FICHEIRO: CLUBES

a) Finalidade do ficheiro e usos previstos do mesmo:

Rexistro de clubes e entidades.

b) Persoas ou colectivos sobre os que se pretende obter datos de carácter persoal ou que resulten obrigados a subministralos:

Anpas, Federacións e clubs deportivos que se relacionan co organismo autónomo.

c) Procedemento de recollida de datos de carácter persoal:

Os datos recolleranse das declaracións dos interesados e da documentación que acheguen ao organismo autónomo.

d) Estrutura básica o ficheiro e datos de carácter persoal incluídos no mesmo:

O ficheiro é unha base de datos na que se inclúen os seguintes datos de carácter persoal:

— Datos identificativos (nome, apelidos e DNI, razón social e CIF), enderezo, teléfono…

e) Cesións de datos de carácter persoal e no seu caso transferencias de datos que se prevexan a países terceiros.

Non se prevén transferencias a terceiros países, nin cesións de datos.

f) Órganos das Administracións responsables do ficheiro.

Presidencia do Instituto Municipal de Deportes de Pontevedra

g) Servizo ante o que poden exercitarse os dereitos de acceso, oposición, rectificación e cancelación:

— Presidencia do Instituto Municipal de Deportes de Pontevedra.

— Instituto Municipal de Deportes de Pontevedra.

— C/ Juan Manuel Pintos, s/n

— 36005-Pontevedra

— Enderezo electrónico: imd@pontevedra.eu

— Tlfno: 986872013

h) Medidas de seguridade con indicación do nivel (alto, medio ou básico) esixible: básico.

FICHEIRO: ACTIVIDADES DEPORTIVAS

a) Finalidade do ficheiro e usos previstos do mesmo:

Xestión das solicitudes de participación e rexistro de participantes nas accións formativas organizadas polo organismo autónomo

organismo autónomo.

b) Persoas ou colectivos sobre os que se pretende obter datos de carácter persoal ou que resulten obrigados a subministralos:

Persoas participantes nos cursos de formación e empresas e profesionais que impartes os cursos. Persoas ou colectivos interesados na participación en actividades organizadas.

c) Procedemento de recollida de datos de carácter persoal:

Os datos recolleranse das declaracións e da documentación aportada polos interesados, e das relacións elaboradas polos organizadores das actividades

d) Estrutura básica o ficheiro e datos de carácter persoal incluídos no mesmo:

O ficheiro é unha base de datos na que se inclúen os seguintes datos de carácter persoal:

— Datos identificativos e datos de contacto.

— Datos da saúde importantes para a organización das actividades e a seguridade dos participantes (alerxias, intolerancias alimenticias, etc.)

e) Cesións de datos de carácter personal e no seu caso transferencias de datos que se prevean a países terceiros.

Non se prevén transferencias a terceiros países.

Administración pública.

Entidades aseguradoras.

f) Órganos das Administracións responsables do ficheiro.

Presidencia do Instituto Municipal de Deportes de Pontevedra.

g) Servizo ante o que poden exercitarse os dereitos de acceso, oposición, rectificación e cancelación:

— Presidencia do Instituto Municipal de Deportes de Pontevedra.

— C/ Juan Manuel Pintos, s/n

— 36005-Pontevedra

— Enderezo electrónico: imd@pontevedra.eu

— Tlfno: 986872013

h) Medidas de seguridade con indicación do nivel (alto, medio ou básico) esixible: alto.

FICHEIRO: USUARIOS DAS INSTALACIÓNS DEPORTIVAS DE CAMPOLONGO

a) Finalidade do ficheiro e usos previstos do mesmo:

Xestión dos usuarios das instalacións deportivas de Campolongo.

b) Persoas ou colectivos sobre os que se pretende obter datos de carácter persoal ou que resulten obrigados a subministralos:

Persoas usuarias dos servizos nas instalacións deportivas.

c) Procedemento de recollida de datos de carácter persoal:

Os datos recolleranse das declaracións e da documentación aportada polos interesados, e das relacións elaboradas polos organizadores das actividades.

d) Estrutura básica o ficheiro e datos de carácter persoal incluídos no mesmo:

O ficheiro é unha base de datos na que se inclúen os seguintes datos de carácter persoal:

— Datos identificativos e datos de contacto.

— Datos da saúde importantes para a organización das actividades e a seguridade dos participantes (alerxias, intolerancias alimenticias, etc.)

— Imaxen

e) Cesións de datos de carácter persoal e no seu caso transferencias de datos que se prevexan a países terceiros.

Non se prevén transferencias a terceiros países.

Administración pública.

Entidades aseguradoras.

f) Órganos das Administracións responsables do ficheiro.

Presidencia do Instituto Municipal de Deportes de Pontevedra.

g) Servizo ante o que poden exercitarse os dereitos de acceso, oposición, rectificación e cancelación:

— Presidencia do Instituto Municipal de Deportes de Pontevedra.

— C/ Juan Manuel Pintos, s/n

— 36005-Pontevedra

— Enderezo electrónico: imd@pontevedra.eu

— Tlfno: 986872013

h) Medidas de seguridade con indicación do nivel (alto, medio ou básico) esixible: alto.

FICHEIRO: TERCEIROS PROVEEDORES

a) Finalidade do ficheiro e usos previstos do mesmo:

Rexistro dos datos de terceiros ou proveedores.

b) Persoas ou colectivos sobre os que se pretende obter datos de carácter persoal ou que resulten obrigados a subministralos:

Persoas vinculadas por relacións de natureza económica.

c) Procedemento de recollida de datos de carácter persoal:

Os datos recolleranse da declaración do interesado, así como da documentación precisa para a formalización de relacións económicas.

d) Estrutura básica o ficheiro e datos de carácter persoal incluídos no mesmo:

O ficheiro é unha base de datos na que se inclúen os seguintes datos de carácter persoal:

— Datos identificativos (nome, apelidos, DNI, enderezo, teléfono)

— Datos bancarios

e) Cesións de datos de carácter persoal e no seu caso transferencias de datos que se prevexan a países terceiros.

Non se prevén transferencias a terceiros países. As cesións previstas son as obrigatorias pola normativa vixente, en particular:

— Axencia tributaria.

— Xulgados.

— Consello de Contas.

f) Órganos das Administracións responsables do ficheiro.

Presidencia do Instituto Municipal de Deportes de Pontevedra.

g) Servizo ante o que poden exercitarse os dereitos de acceso, oposición, rectificación e cancelación:

— Presidencia do Instituto Municipal de Deportes de Pontevedra.

— C/ Juan Manuel Pintos, s/n

— 36005-Pontevedra

— Enderezo electrónico: imd@pontevedra.eu

— Tlfno: 986872013

h) Medidas de seguridade con indicación do nivel (alto, medio ou básico) esixible: medio.

FICHEIRO: PERSOAL

a) Finalidade do ficheiro e usos previstos do mesmo:

Xestión do persoal do organismo autónomo, mecanización posto/praza, relación laboral, vacacións/permisos/licenzas, premios, resultados recoñecementos médicos...

b) Persoas ou colectivos sobre os que se pretende obter datos de carácter persoal ou que resulten obrigados a subministralos:

Persoas vinculadas ou que estiveron vinculadas ao organismo autónomo por unha relación laboral, funcionarial

ou de colaboración social.

c) Procedemento de recollida de datos de carácter persoal:

Os datos recolleranse da declaración do interesado, así como da documentación precisa para a formalización da relación laboral.

d) Estrutura básica do ficheiro e datos de carácter persoal incluídos no mesmo:

O ficheiro é unha base de datos na que se inclúen os seguintes datos de carácter persoal:

— Datos identificativos (nome, apelidos, DNI, enderezo, teléfono)

— Datos bancarios

— Sistema de tratamento automatizado.

e) Cesións de datos de carácter persoal e no seu caso transferencias de datos que se prevexan a países terceiros.

Non se prevén transferencias a terceiros países, nin cesións de datos.. As cesións previstas son as obrigatorias pola normativa vixente, en particular:

— Axencia tributaria.

— Seguridade social.

— Xulgados.

— Inspección de traballo.

— Consellería de sanidade.

— Órganos de representación sindical (Comité de empresa e Xunta de Persoal).

— Mutua galega.

— Adeslas.

— Ministerio de traballo.

f) Órganos das Administracións responsables do ficheiro.

Presidencia do Instituto Municipal de Deportes de Pontevedra.

g) Servizo ante o que poden exercitarse os dereitos de acceso, oposición, rectificación e cancelación:

— Presidencia do Instituto Municipal de Deportes de Pontevedra.

— C/ Juan Manuel Pintos, s/n

— 36005-Pontevedra

— Enderezo electrónico: imd@pontevedra.eu

— Tlfno: 986872013

h) Medidas de seguridade con indicación do nivel (alto, medio ou básico) esixible: alto."

Recursos procedentes:

Contra este acordo poderá interporse recurso contencioso-administrativo ante a Sala do contencioso–administrativo do T.S.X. de Galicia, no prazo de 2 meses a contar desde o día seguinte ó da súa publicación (arts 10 e 46 da Lei 29/1998). Isto sen prexuízo de interpor calquera outro recurso que se entenda máis procedente e sexa conforme a Dereito.

Pontevedra, 05 de xaneiro de 2015.—O Secretario Xeral do Pleno, por substitución, José Carlos Castiñeira Piñeiro.

subir

NOTA INFORMATIVA: El contenido de la versión HTML de este anuncio tiene carácter meramente informativo y está disponible en esta página para comodidad del ciudadano. El anuncio con validez legal es la versión PDF firmada electrónicamente.

Descargar anuncio en pdf

Copyright © 2014. Deputación de Pontevedra. Reservados todos los derechos | Aviso legal

Pazo Deputación Provincial. Avda. Montero Ríos, s/n - 36071 Pontevedra ES | +34 986 804 100 +34 986 804 124

